



CASTELAO

A derradeira,
LEICIÓN
do mestre



Do 25 de xuño ao
27 de setembro de 2026

Edificio Castelao
Museo de Pontevedra



Centro Galicia
de Buenos Aires

**DOSSIER PARA
MEDIOS DE
COMUNICACIÓN**

Castelao. A derradeira leición do mestre

Do 25 de xuño
ao 27 de setembro
de 2026

Comisaria:
M^a de los Ángeles
Tilve Jar

Museo de
Pontevedra,
Edificio Castelao

O óleo *A derradeira leición do mestre*, unha das obras máis icónicas de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, volve a Galicia e por primeira vez se exhibe no Museo de Pontevedra, a institución que acolle a maior parte da súa obra artística.

A exposición ***Castelao. A derradeira leición do mestre*** está concibida como unha oportunidade para afondar no significado do lenzo que Castelao pintou en Bos Aires en 1945 e que se conserva no Centro Galicia da capital arxentina. É unha mostra pequena en dimensións pero grande en simbolismo, na que o cadro estará acompañado das pezas que lle dan o contexto adecuado para interpretalo: o debuxo do álbum de guerra *Galicia mártir* no que se baseou; edicións do propio álbum; o manuscrito *Co pensamento en Galiza* e a posterior primeira edición de *Sempre en Galiza*; ou a fotografía da celebración do Día da Galicia Mártir de 1945, noveno aniversario do fusilamento de Bóveda, no que se presentou a pintura.

En paralelo á mostra, o Museo vai desenvolver este verán un intenso programa paralelo que incluírá visitas guiadas, obradoiros para público infantil, un concerto da Sociedade Coral Polifónica, conferencias e un seminario arredor desta obra clave para entender a Galicia do século XX.

A DERRADEIRA LEICIÓN DO MESTRE

Por primeira vez exhíbese no Museo de Pontevedra *A derradeira leición do mestre*, o emblemático óleo que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886–1950) pintou en 1945 para o Centro Orensano de Buenos Aires. Esta entidade fixera posible un ano antes a publicación de *Sempre en Galiza*, obra fundamental do seu pensamento político.

A pintura foi concibida nun contexto de forte carga política e simbólica e presentada no noveno aniversario do fusilamento de Alexandre Bóveda (1903–1936), figura clave do galeguismo e amigo persoal do artista.

Desde 1979 o cadro pertence á colección do Centro Galicia de Buenos Aires, herdeiro das asociacións da emigración galega na Arxentina, que o cede temporalmente para esta exposición. A mostra coincide coa conmemoración do plebiscito do Estatuto de autonomía de Galicia de 1936, do 90 aniversario do inicio da Guerra Civil e do asasinato de Bóveda, o que reforza o seu valor histórico e simbólico.

O lenzo reproduce a estampa número 6 de *Galicia mártir*, o primeiro dos tres álbums publicados por Castelao durante a guerra. Editado en Valencia en 1937, *Galicia mártir* integra, xunto con *Atila en Galicia* (Valencia, 1937) e *Milicianos* (Nova York, 1938), un conxunto que podemos considerar o “Guernica galego”, referente esencial da




A derradeira leición do mestre

memoria antifascista, cuxos debuxos orixinais se conservan neste museo desde 1981.

Na escena represéntase, nunha sinxela paisaxe galega, o cadáver dun paseado diante de dous nenos, unha figura na que se reconece a Alexandre Bóveda, fusilado en Pontevedra o 17 de agosto de 1936. Aínda que o breve texto ao pé da imaxe pode aludir á represión do maxisterio durante a Guerra Civil, o rostro reconecible da vítima a quen Castelao definiu como “prototipo da cidadanía galega e mártir da liberdade”, simboliza a destrución da razón a mans do fanatismo e da violencia e converte a obra nunha homenaxe a todas as persoas que deron a súa vida pola República, a liberdade e a xustiza.

Castelao constrúe así unha homenaxe a Bóveda e unha reflexión sobre a súa “derradeira lección”, entendida como o sacrificio ata o martirio por Galicia, que adquire un valor simbólico e redentor: os nenos encarnan o futuro e a continuidade dos ideais galeguistas, de xeito que a violencia non consegue destruílos, senón proxectalos nas xeracións vindeiras.

A través dunha linguaxe que combina realismo e simbolismo, influída por Francisco de Goya e pola tradición gráfica europea do seu tempo, a obra constitúe unha poderosa denuncia da violencia e da intolerancia e un dos grandes símbolos da memoria democrática e da cultura galega contemporánea.



DATAS CLAVE

8 de xuño

Saída do cadro desde o Centro Galicia de Bos Aires

17 de xuño

Chegada do cadro ao Museo de Pontevedra

22 e 23 de xuño

Seminario “Arte, exilio e memoria: Castelao, *A derradeira leición do mestre* e a emigración galega en América”

25 de xuño

Inauguración da exposición *Castelao. A derradeira leición do mestre*

27 de xuño

Concerto da Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra

28 de xuño

90º aniversario do plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936

17 de agosto

Día da Galicia Mártir. 90º aniversario do fusilamento de Alexandre Bóveda

27 de setembro

Clausura da exposición

SEMINARIO "ARTE, EXILIO E MEMORIA "

A exposición temporal de *A derradeira leición do mestre* de Castelao constitúe unha oportunidade para reflexionar sobre a relación entre arte, memoria histórica, educación e emigración. A obra foi pintada no contexto do exilio republicano e en estreita relación coa comunidade galega en América, que desempeñou un papel fundamental na preservación da cultura galega e no apoio a intelectuais e artistas exiliados tras a Guerra Civil española.

A emigración galega a América foi, durante décadas, un fenómeno de gran relevancia social, económica e cultural. En cidades como Bos Aires, Montevideo ou A Habana desenvolvéronse importantes redes asociativas que contribuíron a manter viva a lingua, a cultura e o pensamento galeguista.

A través deste seminario preténdese analizar a obra de Castelao non só como unha creación artística de gran valor simbólico, senón tamén como reflexo da memoria colectiva do exilio e do papel que desempeñou a diáspora galega en América na conservación da súa identidade cultural.

Organizan: Deputación de Pontevedra e UNED Pontevedra.

PROGRAMA

Luns 22 de xuño

17:00 h. Presentación

Rafael Domínguez Artime, Víctor Manuel González Sánchez e Ángeles Tilve Jar

17:30 h. Conferencia: "Castelao, de 'xenial artista' a líder político"

Ramón Villares Paz

18:30 h. Conferencia

Xosé Henrique Monteagudo Romero

19:30 h. Debate

SEMINARIO

Arte, exilio e memoria: Castelao, *A derradeira leición do mestre* e a emigración galega en América

22 e 23 de xuño de 2026

Museo de Pontevedra, Edificio Castelao

Formato: presencial e en liña

Martes 23 de xuño

16:00 h. Conferencia: “De Galicia a América: emigración, asociacionismo e cultura na diáspora”

José María Leal Bóveda

17:00 h. Conferencia: “Castelao en Bos Aires (1945): estudo iconográfico, artístico e simbólico de *A derradeira leición do mestre*”

Ángeles Tilve Jar

18:00 h. Pausa para o café

18:30 h. Mesa redonda

Alberto Vázquez López, Víctor Manuel Vázquez Portomeñe e Cristian Moares

Modera: Miguel Anxo Seixas Seoane

20:00 h. Debate e reflexión final



ALFONSO D. RODRÍGUEZ CASTELAO

O artista, o escritor, o estudoso, o político... Son tantas as facetas que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo 1886 – Bos Aires, 1950) cultivou ao longo da súa vida que non resulta doado analízalo en poucas liñas. Dende a súa xuventude como médico e viñetista, pasando polo seu salto á publicación literaria e a investigación etnográfica, Castelao converteuse na cabeza visible dos esforzos por modernizar a sociedade, a cultura e a política galegas na primeira metade do século XX.

Como artista contribuíu como ninguén antes en Galicia a rachar coa versión burguesa e estereotipada do rexionalismo triunfante, convertendo a labregos, mariñeiros, nenos e vellos en suxeitos da súa arte, que empregaba para a denuncia das inxustizas que sufrían as clases populares galegas. Sobresaíu como debuxante e viñetista, mentres que en grandes lenzos e pequenas “estampas” amosou o seu interese polo paisaxe e polos cegos cos que se identificaba polos seus problemas de visión.

Como escritor, foi autor de obras narrativas que case sempre ilustraba el mesmo e que teñen un lugar de seu na literatura galega do século XX: os relatos de *Un ollo de vidro*, *Retrincos* e *Cousas*, a novela *Os dous de sempre* e a peza teatral *Os vellos non deben de namorarse*.

Como investigador, participou activamente na creación do Seminario de Estudos Galegos, non contexto do cal desenvolveu as súas investigacións sobre as cruces de pedra na Bretaña e, especialmente, en Galicia.

Como político, foi un dos grandes líderes do galeguismo, cunha actividade que se intensificou desde a chegada da Segunda República en 1931, elixido deputado en Cortes en 1931 e 1936 e cun rol decisivo no Partido Galeguista. Participou activamente na campaña a prol do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936, e o golpe de estado sorprendeu en Madrid, o que o conduciu ao exilio.



Nos anos da guerra civil debuxou os seus álbums de guerra para denunciar a represión violenta do bando sublevado. En Nova York e Cuba fixo os seus debuxos da comunidade negra e en 1940 recalou en Bos Aires, onde realizaría os seus últimos traballos artísticos e se converteu no gran referente do galeguismo no exilio. Alí presidiu o Consello de Galicia e rematou *Sempre en Galiza*, o ensaio que contén o seu pensamento político. Morreu en xaneiro de 1950.

CASTELAO NO MUSEO DE PONTEVEDRA

O vínculo de Castelao co Museo de Pontevedra vén das súas orixes: participou na súa creación e formou parte do seu padroado fundacional, do que nunca chegou a ser apartado ata a súa morte, a pesar de que entón levaba cerca de 14 anos no exilio.

Desde aqueles inicios, o Museo foi reunindo a maior parte da súa obra artística: a colección Castelao fórmana actualmente máis de 1.800 debuxos, caricaturas, pinturas, gravados... e tamén manuscritos, documentación, obxectos persoais e a súa biblioteca. Unha escolma destas creacións exhíbese en dúas salas situadas na segunda planta do edificio que leva o seu nome.

En 1931, Castelao depositou once obras para exhibir nas salas daquel museo aínda novo. Ao remate da Guerra Civil, incorporouse como depósito o amplo conxunto que o artista tiña na súa vivenda en Pontevedra, incautado polas autoridades da ditadura para garantir o pagamento da multa polas súas responsabilidades políticas. O Museo contribuíu a que eses bens se conservasen como patrimonio público, detendo varios procesos de poxa.

A súa viúva, Virxinia Pereira, legou ao Museo a súa morte en 1969 unha serie de obxectos persoais e un conxunto de obras moi relevantes, entre eles os Álbums de guerra, sobre os que Castelao expresara o seu propósito de “facelos chegar ao Museo de Pontevedra cando se restablecesen as liberdades en España e Galiza gozase de plena autonomía”, razón pola que os recibiu o Museo ao aprobarse o Estatuto de Autonomía de Galicia en abril de 1981.

Enriqueceron a colección doazóns como as dos herdeiros de Álvaro Gil, entre outras, e compras realizadas ao longo do tempo, entre as que destaca a adquisición dos debuxos orixinais do *Álbum Nós* no ano 2021.

ALEXANDRE BÓVEDA

En *A derradeira leición do mestre*, Castelao dálle ao fusilado do cadro o rostro do seu amigo, o economista e político galeguista Alexandre Bóveda (Ourense, 1903 – A Caeira, Poio, 1936).

Nacido no seo dunha familiar de estrato popular, Alexandre Bóveda Iglesias tivo unha formación académica sólida, grazas ao apoio dos seus pais. Foi funcionario da Facenda pública, ocupando a xefatura da sección de Contabilidade na delegación de Pontevedra desde 1926. En Pontevedra coñeceu a súa esposa, Amalia Álvarez Gallego, coa que tivo tres fillas e dous fillos.

Castelao e Antón Losada Diéguez, compañeiros del na Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra integráranos no nacionalismo galego do momento, e tamén na investigación científica a través do Seminario de Estudos Galegos. En 1930 converteuse no primeiro director da Caja de Ahorros Provincial de Pontevedra.

Bóveda impulsou a creación do Partido Galeguista, do que foi secretario xeral e secretario de organización. Xunto a Castelao, foi a gran figura do galeguismo en tempos da República, e elemento central do proceso en favor do Estatuto de Autonomía.

Tras o golpe de estado de 1936, foi detido o 20 de xullo acusado de traizón. O 13 de agosto foi condenado a morte. A sentenza executouse o 17 de agosto de 1936, fusilado na Caeira (Poio) En 1942, a Irmandade Galega de Bos Aires, presidida por Castelao, escolleu esa data como Día da Galicia Mártir, para representar na figura de Bóveda a todas as persoas que sufriron a represión franquista.



Contacto de comunicación:

Moisés Álvarez Jorge

+34 659 205 849

moises.alvarez@depo.gal

<https://museo.depo.gal>

